

M<sup>a</sup> HELENA ZAPICO BARBEITO

## Como denominar aos nosos maiores?

A cuestión terminolóxica como interrogante ó que non escapan os medios

*Which term to denominate old people?  
A terminological matter as a question to the media*

**Resumo:** Todas as posibles verbas coas que podemos denominar ós nosos maiores teñen a mesma significación, as mesmas connotacións, a mesma esencia e implicacións? Todo o amplo abano de termos cos que contamos acotío para referirnos ó colectivo da vellez e á derradeira etapa da vida gozan acaso da mesma aceptación social e persoal? Cales son os porqués, os motivos últimos, que xustifican e fundamentan cada elección particular e se acochan tralo emprego dun ou doutro termo de referencia? Se os medios son, en certa medida, o espello no que os nosos vellos e vellas se miran, cal é o reflexo que os propios maiores queren ver? Como queren ser tratados e denominados? Neste texto pretende ofrecerse unha sinxela e sintética reflexión ó redor dalgunhas das connotacións subxacentes tras certos termos dirixidos a denominar ós membros máis lonxevos da sociedade. En base ós resultados dos estudos de diferentes autores/as, preténdese suscitar o debate en torno a un tema vasto e poliédrico, sen maiores pretensións que as de transmitir agora unhas tenues pinceladas dun máis amplo cavilar en torno a unha temática complexa, estimulante e rica en matices, que coidamos merecerá ser digna de futuras e renovadas análises profundas e sistemáticas.

**Palabras-clave:** terminoloxía; vellez; connotacións; imaxe social e mediática.

*Abstract: Do all the terms referred to old people have the same significance, connotations, essence and uses? Have all the words used in this context have the same popularity? What are the reasons that justify each choice, what are the reasons hidden in each selection? If the media is, some way, a mirror in which old people are reflected, what is the reflection wished by our seniors? How do they want to be treated? In this text, we look for a simple and synthetic reflection on some of the connotations of a few terms used to name the elderly. On the basis of the works of some different authorities, we want to provoke a discussion on a broad and plural subject, with the wish of transmitting a few points of a bigger debate on this complex and stimulating matter, that will surely be object of further analysis.*

**Keywords:** terminology; old age; social image in the media.

### INTERROGANTES INTRODUTORIOS

Como queremos ser denominados? Como desexamos ser identificamos socialmente? Con que termo nos vemos máis estreitamente vinculados como grupo social? No seo de que tipo de verba ou expresión nos

sentimos máis intimamente reconfortados en función do grupo de idade ó que pertencemos? Como nos gusta ser recoñecidos polos demais e, por ende, nos medios? *Vello/a, persoa maior, xubilado/a, ancián/a, adulto maior, persoa de idade avanzada, da terceira idade, na senectude, lonxevo/a, persoa de idade, avó/a, maior...* con que voz nos quedaríamos, de termos que elixir?

Coidamos que non se debe esquecer -así como tampouco magnificar, sobredimensionar ou esaxerar artificial, eufemística e hipocritamente, por suposto- a importancia que o emprego dunha ou outra terminoloxía de referencia ás persoas maiores ten na análise dos medios, en tanto en canto dito emprego pode ser sinal ineludible (ou velado e sutil) do manexo dunha ou doutra concepción de vellez. Cumpriría por tanto pararse un chisco a analizar o abano terminolóxico empregado para referirse ós membros máis lonxevos da nosa sociedade, a fin de respectar tal vez, en último termo, a vontade dos propios interesados/as. A tal empeño dedicaremos as seguintes breves liñas.

#### UNHAS SUCINTAS VERBAS PARA CAVILAR

Comecemos por un termo polémico: o de «terceira idade». Tal e como sinalan García Mínguez e Sánchez García (1998), o termo «terceira idade» foi empregado por primeira vez por J. A. Huet, no seu discurso dirixido ós Presidentes dos Consellos Xerais de Dijon -cidade berce da Xerontoloxía-, no que amosaba as súas preocupacións pola vellez. Con dita expresión metafórica tentaba designar a idade crepuscular do home, o conxunto da poboación que se atopa na cúspide da pirámide da humanidade. Dende entón, ese termo triunfou e estendeuse rapidamente a tódalas linguas europeas, acadando un éxito lingüístico de enorme resonancia que, sen embargo, na actualidade estase a ver fortemente cuestionado, en tanto que considerado eufemístico e con tinturas despectivas cara o colectivo que designa. O termo «terceira idade» ten sido, pois, duramente criticado nos últimos tempos, considerado como termo erróneo e tachado polas posibles connotacións negativas que tras el se poden acochar. Non podemos eludir así o feito de que hoxe en día trátase dunha denominación amplamente discutida e fortemente controvertida -segundo tivemos a ocasión de comprobar a través da análise de numerosas fontes vencelladas ó estudo do universo xerontolóxico- e que, polo tanto, merece ser analizada como tal, xunto con outros dos termos empregados frecuentemente.

Así por exemplo, vemos como, segundo sinala Belando Montoro (2001:32), tense relacionado «terceira idade» mesmo con «terceiro mundo», asignando ás persoas maiores a etiqueta de «persoas de terceira categoría». Ademais, algúns autores/as consideran que se emprega para evitar,

eufemisticamente, falar dunha etapa da vida que se quere eludir, da que se pretende fuxir, porque só se asocia a perdas, limitacións e deficiencias.

Nesa liña dirixen García Mínguez e Sánchez García (1998:25) o seu discurso, considerando que é un termo eufemístico despectivo, unha expresión «cun fondo social e inconsciente de desprezo» derivada da escasa valoración que a nosa «sociedade de criterios capitalistas» posúe das persoas maiores, por consideralas un «colectivo non produtivo a causa da súa idade». Estes autores insisten igualmente en que o termo «terceira idade» é inexacto, por estar baseado nunha equívoca concepción das idades do home: «a xuventude, inquieta e turbulenta; a idade madura, segura e creadora; e a vellez, calada e repousada» (García Mínguez e Sánchez García, 1998:24), polo que avogan polo emprego doutros vocábulos, ó seu entender moito máis axeitados, tales como «vellez», «ancianidade» ou «xubilado/a».

Pola súa parte, López Aranguren (1992) opina tamén que a expresión «terceira idade» é dobremente imprecisa: primeiramente porque o aceptar este termo supón a inclusión da infancia e a xuventude nunha soa e mesma etapa, trala que viría a adultez; pero tamén porque dita expresión englobou durante anos toda a fase da idade avanzada, cando nesta hai que diferenciar -segundo o autor- a «vellez activa e en bo estado de saúde», da «cuarta idade», na que a persoa xa non pode valerse física e /ou mentalmente por si mesma. Por tales motivos, López Aranguren (1992) propón a utilización do termo «maiores», quizais o máis amplamente estendido e aceptado socialmente na actualidade.

De feito, esa semella ser a palabra preferida polos que se atopan na derradeira etapa da vida. Así, nunha análise (Bandera, 1993) baseada na aplicación dun cuestionario a unha mostra de 1538 anciáns/ás leoneses/as, no que se tentaba indagar cómo interactúan e cómo elaboran a súa identidade, ante a pregunta «como debe denominarse ás persoas da súa idade?», a maioría respondeu que «persoas maiores» (un 39,6%), en segundo lugar, «anciáns/ás» (20,2%) e -curiosamente- en terceiro lugar, «terceira idade» (13,9%). Pola súa banda, os termos «vellos/as», «senectude» ou «persoas de idade» foron pouco elixidos.

Nesa mesma liña parecen situarse os resultados acadados por Fernández-Ballesteros (1992) nunha parte do seu estudio no que tentada dar resposta á cuestión da definición terminolóxica respecto da vellez entre a sociedade española, para o cal interrogaría a unha mostra de 1200 persoas maiores de dezaioito anos acerca de cál sería a denominación máis apropiada para referirse ás persoas maiores de sesenta e cinco anos. As conclusións foron relativamente parellas ás acadadas por Bandera (1993): o 51% dos enquisados consideraba o termo «maior» como o máis axeitado, seguido paradoxalmente do de «terceira idade» (23%), do de «anción/á» (cun 14%)

e, finalmente, do termo «vello/a» (con tan só un 5% de aceptación). Asemade, e indagando cualitativamente neses datos, a autora descubriría diferenzas entre as catro rúbricas semánticas, establecéndose que o vocábulo «ancián/á» parece equivaler para a sociedade á «vellez patolóxica» e, en termos de idade, ós maiores de setenta e cinco ou oitenta anos; mentres que «terceira idade» correspondería a aquelas persoas de idade avanzada que se «benefician de programas públicos de ocio e tempo libre»; o termo «vello/a» parecería ser, a ollos dos enquisados, un «termo desprezativo»; e, finalmente, a acepción «maior» estaría libre de compoñentes peyorativas e, por tanto, sería o termo máis «descritivo e neutro».

Polo contrario, segundo Elzo (1992) precisamente o ocultamento da palabra «vello/a» é un indicativo da cultura dominante, na que predomina o culto á xuventude e onde a idade é moitas veces considerada vergoñosa. Na mesma liña se dirixen as afirmacións do académico José Luís Sampedro (1993 cit. por García Mínguez e Sánchez García, 1998:26) que reivindica enerxicamente o seu dereito a ser chamado «vello/a»: «Honrosa palabra que ten connotacións de vida, experiencia e sabedoría, en vez de endosarme a de “Terceira Idade” ou “Maior”, etiquetas ambas que nos converten en obxectos para fins administrativos, sen connotación algunha co sentimento». Do mesmo xeito se expresaba o sempre sarcástico e agudo Camilo José Cela (1993 cit. por García Mínguez e Sánchez García, 1998:26), sentenciando con firmeza:

«Dicir terceira idade é índice do máis baleiro paternalismo e finta da máis humillante caridade; a quen temos a idade que temos non nos importa que se nos chame vellos, que é o que somos, aínda si que se nos dean palmadiñas no lombo, se nos sorría sen vir a conto e se nos fale con eufemismos e por elevación, como dispara a artillería...» (Cela, 1993).

Por contra, e polo que a Sáez Carreras (1997:30) respecta, o termo «terceira idade» resulta ser «bastante aceptable» na medida en que o considera unha expresión «menos dura fronte á de vello/a ou ancián/á», defendendo a necesidade de formulala e entendela como unha construción social na que irrenunciabilmente adquiren maior protagonismo os auténticos actores, os propios maiores, e respectando un uso considerablemente estendido nos nosos días -aínda a pesares das críticas- en diversas institucións e servizos («Aulas da Terceira Idade», «Clubs da Terceira Idade», «Casas e Residencias da Terceira Idade»...) e que mesmo segue a ser o termo empregado na Constitución Española (no seu Art.º 50) para referirse ás persoas maiores, segundo sinala o devandito autor.

En todo caso, como vimos de comprobar, son múltiples, diversas e heteroxéneas as opinións e interpretacións que, ó redor da terminoloxía empregada para referirse ás persoas maiores, teñen xurdido entre os diferentes autores/as. Pola nosa parte, cremos con humildade que ás per-

soas maiores se lles podería tal vez denominar cos múltiples termos referidos con anterioridade, o que coidamos favorecería o mantemento da riqueza do vocabulario xerontolóxico (se ben algúns de tales termos, como o de «terceira idade», non deixan de ser, canto menos, certamente discutibles). Non obstante, se a algunha condición cremos que debemos aternos, é á da sensibilidade e respecto que debe estar sempre presente no termo elixido, calquera que este sexa. Coincidindo plenamente con Belando Montoro (2001), coidamos que o limitarnos a unha ou dúas expresións é algo que, na nosa opinión, carecería quizais da suficiente xustificación e tería ademais certa connotación negativa derivada da influencia que a ideoloxía da sociedade actual ten sobre algunhas palabras que designan ós anciáns/ás, que resultan ser mesmo tabús -tal e como destaca con acerto a devandita autora-.

En suma, coidamos que sería preciso someter a fonda reflexión, consideración e cuestionamento as diversas interpretacións que na nosa sociedade se dan a determinados termos referidos á lonxevidade (coma o de «vello/a») que para nós merecerían o mesmo respecto e serían igualmente dignos que calquera outros, crendo necesario tentar loitar para acabar con esas falsas acepcións e non deixar de empregar ditos termos polo significado ou connotacións negativas que algúns podan atribuírlles ou entrever. De feito, ó noso entender (e coincidindo plenamente coas xa mencionadas reflexións do insigne José Luís Sampeiro), a verba «vello/a» resulta particularmente apropiada, tenra, fermosa e cargada de fondo significado, aínda a pesar da manifesta oposición que parece experimentarse socialmente contra ela, baseándose no que consideramos razoamentos prexuzosos e criterios eufemísticos á hora de referenciar a derradeira fase da vida.

### DERRADEIRAS CUESTIÓNS

Vimos de comprobar como detrás da ampla diversidade de voces, de verbas existentes para referirse ás persoas maiores, acocharíanse interpretacións e conceptualizacións certamente múltiples e diversas da realidade da vellez que, sen ben non se atopan definidas con total diafanidade (dándose máis ben o efecto dunha certa “imprecisión” terminolóxica, dun auténtico xogo de influencias mutuas entre uns e outros termos, un labirinto de connotacións dispares e mesmo contraditorias en torno a cada expresión, un remuíño de percepcións complexas e, ás veces, incluso confusas e enmarañadas, respecto a cada verba), serían igualmente dignas de ser estudadas no que se refire ó seu emprego dentro do suxestivo marco do contido dos diferentes medios de comunicación (prensa escrita, materiais curriculares, televisión, internet, radio, publicacións dixitais, medios literarios...).

De feito, e como consecuencia de todo o sinalado ata o momento en relación á análise terminolóxica ó redor da realidade da vellez, coidamos que sería preciso efectuar un estudio rigoroso, ambicioso e esixente dos termos que nos diferentes medios (e, polo que a nós respecta, moi especialmente nos medios de carácter educativo) se empregan á hora de referirse á ancianidade, en tanto en canto, o emprego dunha ou doutra terminoloxía de referencia pode dar unha idea aproximada do tipo de conceptualización da vellez que se está a manexar e transmitir en ditos vehículos de comunicación, información e/ou formación, chegando mesmo a poder estar a suxerir a existencia de determinados estereotipos ó redor do colectivo dos maiores -difundidos e perpetuados quizais a través dos medios- e que, de se-lo caso, habería que detectar e tentar paliar.

Convencidos pois da necesidade de afrontar o reto e seguir a afondar na análise terminolóxica dos medios como fonte de indagación e clarificación da conceptualización de vellez nestes manexada, remataríamos estas sucintas verbas, non sen formular novamente o interrogante inicial: en definitiva, como deberíamos denominar a ese colectivo que tanto interese científico e persoal en nós suscita? Descoñecemos a resposta exacta ou certa, mais quizais a clave radique simplemente no respecto: o respecto pola vontade dos propios maiores á hora de ser denominados dun ou doutro xeito específico, á hora de ser identificados e definidos dun modo particular, idiosincrático, como colectivo social con entidade e valía propia; e o respecto por parte de quen fala e escribe á hora de referirse ós membros dese determinado grupo de idade máis avanzada, que -lonxe de paternalismos e idealizacións baleiras, teatrais e carentes de sentido- merecen o noso sensible e sincero recoñecemento, froito dun exercicio de honestidade e responsabilidade social e profesional que coidamos irrenunciable. E é que, ás veces, é unha verba a que vale máis que mil imaxes...

#### BIBLIOGRAFÍA

- Bandera, J. (1993). *Interacción y elaboración de la identidad en la tercera edad*. En P. Sánchez Vera (ed.). *Sociedad y población anciana*. Murcia: Secretariado de Publicaciones, Universidad de Murcia.
- Belando Montoro, M. (2001). *Vejez física y psicológica: Una perspectiva para la educación permanente*. Cáceres: Universidad de Extremadura.
- Cela, C. (1993). *Memorias, entendimientos y voluntades*. Barcelona: Espasa-Calpe.
- Elzo, J. (1992). *La España con arrugas*. En *Actas de las Jornadas "Horizonte Asistencial a la Tercera Edad"*. Donosita-San Sebastián, 21 e 22 de Xunio de 1990: Fundación Matía.
- Fernández-Ballesteros, R. (1992). *Mitos y realidades sobre la vejez y la salud*. Barcelona: SG Editores.
- Fernández-Ballesteros, R. (1997). *Gerontología: un apunte conceptual*. *Revista Española de Geriatria y Gerontología*, 32 (2), 65-68.

- Fernández-Ballesteros, R. (dir.) (2000). *Gerontología Social*. Madrid: Pirámide.
- García Mínguez, J.E. e Sánchez García, A. (1998). *Un modelo de educación en los mayores: la interactividad*. Madrid: Dykinson.
- García Mínguez, J. (2004). *La educación en personas mayores. Ensayo de nuevos caminos*. Madrid: Narcea.
- García Martínez, A. e Del Cerro del Valle, J. (1996). *Teoría y política de la tercera edad: algunas reflexiones críticas*. *Pedagogía Social*, 13, 17-34.
- López Aranguren Jiménez, J.L. (1992). *La vejez como autorrealización personal y social*. Madrid: Imserso.
- Montero Mesa, L. e Vez Jeremías, X.M. (2003). *A elaboración de materiais curriculares como oportunidade para o desenvolvemento profesional do profesorado*. En Rodríguez Rodríguez, J. (coord.). *Materiais curriculares e diversidade sociocultural en Galicia*. Santiago de Compostela: Tórculo.
- Rodríguez Rodríguez, J. (2000). *Os materiais curriculares impresos e a Reforma Educativa en Galicia*. Tese Doutoral. Departamento de Didáctica e Organización Escolar. Universidade de Santiago de Compostela.
- Romans, M.; Petrus, A. e Trilla, J. (2000). *De profesión: educador(a) social*. Barcelona: Paidós.
- Sáez, J. (1997). *La Tercera Edad. Animación sociocultural*. Madrid: Dykinson.
- Sáez Carreras, J. (coord.) (2003). *Educación y aprendizaje en las personas mayores*. Madrid: Dykinson.
- Sampedro, J.L. (1993). *Mientras la tierra gira*. Barcelona: Plaza & Janés.
- Zapico Barbeito, Zapico Barbeito, M<sup>a</sup> H. (2003). *A Terceira Idade nos Materiais Curriculares de Galicia*. Trabajo Academicamente Dirixido. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Zapico Barbeito, M<sup>a</sup> H. e Rodríguez Rodríguez, J. (2004). *Materiales didácticos para personas mayores. Cuadernos de Pedagogía*, 338, 39-43.
- Zapico Barbeito, M<sup>a</sup> H. (2006a). *As persoas maiores nos materiais curriculares impresos de Galicia. Unha aproximación inicial*. Tesiña de Licenciatura. Santiago de Compostela: Departamento de Didáctica e Organización Escolar. Universidade de Santiago de Compostela.
- Zapico Barbeito, M<sup>a</sup> H. (2006b). *Persoas maiores, materiais curriculares e escola. Análise da presenza da vellez nunha mostra de libros de texto de Galicia*. Trabajo de Investigación Tutelado. Santiago de Compostela: Departamento de Didáctica e Organización Escolar.

•

M<sup>a</sup> Helena Zapico Barbeito é Licenciada en Pedagogía, Diplomada en Educación Social e Experta en Xerontoloxía Social. Traballa como investigadora no Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente está mergullada no desenvolvemento da súa Tese Doutoral, labor que compaxina coa participación en múltiples proxectos de investigación. E-mail: helenazb@usc.es